

Roteiro polos espazos vitais e literarios de Blas de Otero en Bilbao con Ibon Arbaiza Ugarte



Blas de Otero naceu en Bilbao o 15 de marzo de 1916. Coursou os primeiros estudos na escola de dona María de Maeztu e nos xesuítas de Indautxu. Fixo o bacharelato no instituto Cardenal Cisneros de Madrid. En 1935 remata a carreira de Dereito. Na Guerra Civil forma parte, primeiro, dun batallón vasco e, logo da caída de Bilbao, é destinado á fronte de Levante nun rexemento de artillería. Terminada a guerra, traballa como asesor xurídico nunha empresa metalúrxica biscaína, pero a súa vocación

literaria obrígano a abandonar estes estudos, pero non volverá á fábrica, senón que se dedicará durante varios anos a dar clases na súa casa a alumnos de Dereito, mentres escribe os poemas de *Angel fieramente humano*, *Redoble de conciencia* e *Ancia*. En 1952 sae por vez primeira de España, permanecendo durante un ano en París. Ao seu regreso percorre as aldeas de León e Castilla, cuxa paisaxe e xente encherán os poemas de *Pido la paz y la palabra* e *En castellano*.

Entre 1956 e 1959 vive en Barcelona, onde recibe o Premio Boscán e o da Crítica. A censura asáñase cos seus libros, algúns dos cuales debe publicar no estranxeiro, como *En castellano* (que nacerá en París e con título francés, *Parler clair*) e *Que trata de España*.

En 1960 percorre varios países socialistas (URSS e China) e en 1964 viaxa a Cuba, onde permanece cerca de tres anos. Desde 1968 se instala en Madrid, onde publica *Historias fingidas y verdaderas* e antoloxías como *Expresión y reunión*, mentres

segue escribindo a súa obra.

O 29 de xuño de 1979 morre na súa casa de Majadahonda, aos sesenta e tres anos, vítima dunha embolia pulmonar. Deixaba inédito o seu libro *Hojas de Madrid con La galerna*, que Galaxia Gutenberg e Círculo de Lectores editan en 2010, en edición de Sabina de la Cruz e con prólogo de Mario Hernández.



Orozko

Orozko é a idílica paisaxe da familia materna de Blas de Otero, un remanso de paz ao amparo da súa avoa Dona Pepita Sagarminaga, que inspirou o escritor na súa xuventude o o acompañou na súa lembranza ao longo de toda a súa vida: *El lánguido valle de mi adolescencia donde la luna derrama una luz compasiva sobre la muerte soñada de mis antepasados. Pequeña patria mía, cielo de nata sobre los verdes helechos, la hirsuta zarzamora, el grave roble, los castaños de fruncida sombra, las rápidas laderas de pinares*, con estas palabras describía Blas de Otero a Orozko.

09:00h - Saíde de Bilbao en bus a Orozko

10:00h - Inicio do percorrido con Ibon Arbaiza Ugarte

O punto de partida é a **ponte e a praza do Concello**, por donde o poeta deambulaba os días de sol e festa, segundo rememora nun dos seus poemas. Aquí antigamente durante as festas se colocaba a praza de touros, na que toureou Manuel Granero porque o pai de Blas de Otero era o seu mecenas protector.

Detrás da praza atópase o **frontón**, onde o escritor gozaba da súa afección pola pelota a man, como el mesmo lembra nun poema: *frontón en que tendí, diariamente, los músculos de muchacho*.

Seguindo o leito do río no que se bañaba de neno, entre *las piedras que mis pies treceañeros traspusieron*, chegamos ata os chopos tintineantes dispostos fronte a emblemática casa-palacio Ugarte, n o barrio de Kantarrana. É a residencia dos seus avós maternos, Josefa Sagarminaga Isasi e José Ramón Muñoz Lambarri.

Entramos polo xardín labiríntico rodeado de árbores froiteiras, a horto da avoa, que o escritor rememora con: *cerezas coloradas, manzanas reinetas, príncipes peras y brevas violeta, con una gran gota de almíbar temblando sobre la yerba*. Alí Blas de Otero gozaba da lectura mentres observaba o cumio de Santa Marina, *ladeándose violeta, la falda de la montaña infantil, de ramas tiernas, helechos, espliegos, yerbas aromáticas, y una gran nube blanca coronándole la cabeza*.

No interior da casona visitaremos a librería, a biblioteca do avó médico, a galería sobre o xardín e o dormitorio do poeta.

Poemas:

- "Aldea",
- "Orozco",
- "Nadie",
- "El huerto",
- "El nieto",
- "Ramas de niebla".

Prosas:

- "El valle" e
- "Vivir para ver".

14:00h - Remate do percorrido e regreso en bus a Bilbao



Bilbao

16:00h - Inicio do percorrido en Bilbao

Bilbao é o berce da súa familia paterna e a cidade onde el mesmo naceu, pasou a súa infancia e fixo os seus primeiros estudos, marcando a súa memoria e afectos para sempre.

- **Calle San Agustín, nº 1:** casa dos avóos paternos (Blas de Otero Goenaga e Melitona Murueta Ugalde).

Textos autobiográficos: «Mi abuelo paterno era capitán de barco».

- **Río Nervión:** «Amo el Nervión..., sus ocreas ondas, las gaviotas grises».

Poema: «Amo el Nervión».

- **Las Siete Calles:** Plaza Nueva, Barrencalle Barrena, soportales junto al Nervión: «...pálida frente / de niño abortó entre los soportales...».

Poemas: «Lejos», «Muy lejos» y «1923».

Prosa: «La lejanía».

- **El Arenal:** Café «El Boulevard».

Poema: «Parece que llueve».

- **Calle Hurtado de Amézaga, nº 5:** consulta médica do avó materno (Dr. José Ramón Muñoz).

Textos autobiográficos: «Mi abuelo materno, un tipo muy original, era un médico famoso con consulta en Bilbao, que murió el mismo año que yo nací».

- **Calle Hurtado de Amézaga, nº 29** (antes nº 30), 4º piso dereita: Casa natal de Blas de Otero.

Prosa: «Pensándolo bien... nací en la calle Hurtado de Amézaga, a cierta hora del 15 de marzo de 1916, salí afuera y aquí estoy».

Poema: «Biotz-begietan».

- **Calle Hurtado de Amézaga, nº 52:** casa construída polo seu pai, Armando de Otero Murueta, onde viviu Blas a súa infancia ata os dez anos. E entón cando a familia se traslada a Madrid.

Textos autobiográficos: «Mi padre, que había hecho estudios en Inglaterra, tenía un negocio de metales en Bilbao y nosotros vivíamos anclados en la clase acomodada. Por entonces, estaba "mademoiselle Isabel" en casa».

Poemas: «Mademoiselle Isabel» y «1923».

Prosa: «Manuel Granero».

Fronte desta casa, a igrexa de San Francisco, chamada La Quinta Parroquia, cuxa "procesión de jueves santo" vía o niño Blas desde a "alta terraza" (poema "Lejos"). Aquí fixo a súa Primeira Comunión.

Textos autobiográficos: «Y llegó mi primera comunión, toda de blanco y azul, pero tan angustiada, tan atosigante de bandas sobre el traje marinero, velas, velos y azucenas, que maldita la falta que hacían, pero yo era un niño rico, y todo esto era imprescindible».

- **Calle Hurtado de Amézaga, nº 36:** domicilio entre 1934-1945, ao seu regreso de Madrid, onde se consumara a ruína familiar, logo da morte do pai e do irmán maior do poeta. Estas mortes converteron a un Blas de quince anos no único home, responsable da rehabilitación económica da familia. Se o seu irmán comezara Dereito, el tivo que esquecer a súa vocación poética para seguir a mesma carreira. E nesta vella casa, antes de que a derrubaran, onde estudaba sen respiro, como relata en varios textos.

Prosa: "Rotura".

Poema: "El obús de 1937".



- **Calle Alameda de Recalde, nº 70:** Casa da nai, Concepción Muñoz Sagarmínaga, xa viúva, onde vivirá a familia desde 1946. Aquí creou Blas de Otero unha academia onde, durante varios anos, impartiu clases a alumnos de Dereito. A esta casa materna volvía despois das longas viaxes que, desde 1956, o levaron por afastados países de todo o mundo, ata que en 1964 se traslada a Cuba. Volve da illa en abril de 1968 para instalarse definitivamente en Madrid, onde morrerá o 29 de xuño de 1979.
Poema: "Siete".
- Na **calle Egaña**, próxima a lugares vivencialmente unidos á memoria de Blas de Otero, o Ayuntamiento de Bilbao colocou un busto do poeta en outubro de 2005. Obra do escultor Francisco López, a imaxe en pedra do poeta mestúrase, como a dun veciño máis, aos homes e mulleres de Bilbao que nesta rúa peonil se reúnen a diario para descansar.

20:00h - Remate do percorrido



Blas de Otero a los quince años

Ibon Arbaiza Ugarte

É Licenciado en Ciencias Políticas e Socioloxía e Grao en Filoloxía Hispánica. Foi Director de la Fundación Blas de Otero na actualidade é presidente da Asociación de Casas Museo y Fundaciones de Escritores (ACAMFE).

Ten impartido diversas conferencias sobre a vida e a obra de Blas de Otero. É o coordinador de *Ancia. Revista da Fundación Blas de Otero*. Ten publicado diversos artigos sobre Blas de Otero e Orozko "Pilo la paz y la palabra" en *Ancia*, nº 7, 2014; "Orozko, siempre, vivir contigo" en *Campo de Agramante*, nº 25, 2016.

É o creador da Ruta Literaria Blas de Otero en Bilbao e Orozko, *Ruta literaria Blas de Otero* (2020), Ediciones El Gallo de Otero.